

ARTE ROMANA

EDIFICIO: **PANTEÓN**

AUTOR: Apolodoro de Damasco

CRONOLOXÍA: 118-125 d.C.



COMITENTE: Emperador Adriano

TIPOLOXÍA: Templo

MATERIAL: Formigón, granito, ladrillo, mármore, madeira

ESTILO: Romano Imperial

LOCALIZACIÓN: Campo de Marte (Roma)



DESCRICIÓN FORMAL

O **pórtico** de oito columnas na fachada, octástilo, cumpre a función de ser a fachada de entrada ao templo. Está construído sobre un baseamento de cinco escalóns e destaca pola súa profundidade, a xeito de pronaos. É unha arquitectura arquitrabada de clara influencia grega. No exterior destaca a orde corintia con columnas de granito gris e vermello exipcio, de fuste liso monolítico. As bases e capiteis corintios están realizados en mármore branca de Grecia. O entaboamento integrado por arquitrabe con tres bandas horizontais, friso coa inscrición de Agripa en letras de bronce e cornixa saínte, remata en frontón cuxo tímpano perdeu as estatuas de bronce que o ornamentaban. O tellado é a dobre vertente. No interior o pórtico está organizado en tres naves, divididas por dúas filas de catro columnas. A nave central é máis ampla e conduce á gran porta de acceso á cella; as laterais rematan en dous nichos destinados a estatuas. A cuberta de tella está soportada por cerchas de madeira sobre unha estrutura de muro e arcos de medio punto sobre arquitrabe que apoian sobre as columnas. As cerchas, orixinariamente de bronce, foron fundidas para fabricar canóns. O pavimento é de pezas de mármore de cor, colocadas formando círculos e cadrados.

O **corpo de transición ou intermedio**, conecta o pórtico coa cella, permitindo o cambio de planta. Está construído en opus latericia e consta de dous grandes piares a ámbolos dous lados do acceso á cella, onde se construíron escaleiras de acceso ao tellado. No exterior ten a mesma altura co tambor da cúpula e presenta unha estrutura cuadrangular, sen revestimento pero cunha cornixa decorada co mesmo motivo co tambor.

Coidase sobre todo o **interior**, a **cella** de planta circular con oito grosos piares como elementos básicos de soporte de cúpula, entre o que se abren sete amplas exedras ou nichos que alternan rítmicamente planta circular e

rectangular. Trátase dun espazo concibido como un cilindro coroado pola cúpula e iluminado polo óculo central. Todo no edificio está subordinado ao mantemento da monumental cuberta e concibido como un espazo simbólico e centrípeto.

O **tambor** sobre o que se asenta a cúpula é un cilindro mural realizado en formigón, a base de cal, cascote e fragmentos de ladrillo que, para unha mellor trabazón, verteuse en capas en fiadas horizontais e reforzouse con capas de ladrillos grandes, colocadas cada 1,5 m. A estrutura interna deste anel consta de dous elementos de sostén, oito enormes piares de 6 m de grosor, e entre eles unha serie de arcos de descarga que transmiten o peso da cúpula aos piares, auténticos soportes do peso de aquela. Este sistema tan perfectamente estudado no reparto de cargas, explica a ausencia de contrafortes exteriores, innecesarios. No corpo inferior, de maior altura, atópanse os piares, entre os que se abren as exedras que están enmarcadas por pilastras e columnas, cun entaboamento continuo en todo o perímetro, menos nas exedras do eixo principal. Entre as exedras, no pano intermedio do muro hai edículos (ou templetes) a xeito de pequenos altares baixo columnas e con remates de tímpanos que alternan a forma triangular e semicircular. Neste corpo prevalece o sentido decorativo, con mármore, alternancia de cores, cornixas, columnas e pilastras que non teñen función construtiva, senón decorativa, ocultando o sistema de carga dos muros, ao mesmo tempo que é unha homenaxe á arquitectura grega.

O **ático**, de menor altura, esténdese entre o entaboamento e o anel da cúpula. A decoración orixinal foi modificada no S.XVIII, destacando unha sucesión rítmica de xanelas, algunhas rematadas por un frontón, outras con celosía e outras tapiadas, que dan lugar a unha estreita galería superior e coinciden en vertical cos nichos e edículos inferiores. As paredes revestidas de estucos reproducen as cores e decoración predominantes.

Estes dous corpos funcionaban a modo de fachada coa función de ocultar todo o sistema de apoios que manteñen en pé o edificio, de embelecelo e de non romper coa tradición da arquitectura arquitrabada: columnas, pilastras, cornixa, todo superfluo porque non sosteñen nada. Os muros aparecían cubertos de mármore polícromos de variadas cores. Os casetóns estaban decorados en bronce e estatuas de deuses debían presidir os nichos.

O elemento máis destacado é a enorme **cúpula** semiesférica sobre tambor circular. Elévase a 43,5 m (a medida do diámetro da *cella*). As súas medidas e o seu enorme peso convértena na máis grande construída ata entón e os problemas que xerou o seu asentamento supuxeron un reto que acabou por demostrar o enorme nivel técnico dos construtores romanos. É unha estrutura semiesférica construída de abaixo arriba, formada por aneis superpostos en diminución de tamaño e de grosor xa que arranca cuns muros de 6 m e remata con 1,5 m. A cúpula propiamente dita, para reducir o seu peso, consta de dúas paredes paralelas recheas de materiais liviáns (pedra volcánica, cerámica, etc.) e ladrillos grandes colocados en liñas concéntricas para unha mellor trabazón. Así mesmo, alívíase o seu peso abrindo arcos de descarga (visibles no exterior) sobre as exedras inferiores, é dicir, entre os piares, para que o peso caía precisamente sobre estes. A súa estrutura de aneis e nervos configuran no interior casetóns (compartimentos ocos de forma cuadrangular recubertos de material en diminución). A cúpula ten cinco círculos de 28 casetóns cada un, que diminúen de tamaño coa altura. O óculo (9 m de diámetro) constitúe o único punto de entrada directa de luz; permanece aberto e simboliza o sol que ao longo do día ilumina de distinto modo a estancia. Pensábase que o ceo era a perfección e asociaban a mesma ao círculo.

No **exterior**, o edificio despois dos elementos de revestimento presenta os materiais construtivos ao descuberto: formigón e ladrillo. O exterior do tambor presenta tres pisos superpostos, separados por liñas de imposta. Podemos apreciar os arcos de ladrillo superpostos e integrados no muro que, como xa dixemos, actúan a xeito de arcos de descarga. O terceiro piso do tambor tapa o arranque da cúpula. O exterior da cúpula semella máis plana ao non apreciarse o seu arranque. Está composta por sete aneis superpostos, decorados cun revestimento de pranchas de bronce dourado que foron arrancadas no S.VII.

ENTORNO E INTEGRACIÓN URBANÍSTICA

Segundo era habitual, o templo estaba ubicado nos foros imperiais e, na súa concepción orixinal, alzábase ao fondo dunha praza porticada que enmarcaría o edificio e ampliaría a súa visión externa afirmando a súa grandiosidade. Na actualidade está situado no corazón de Roma, integrado no entorno urbanístico pois non supera a altura dos edificios contiguos.

FUNCIÓN, CONTIDO E SIGNIFICADO

A súa datación é complexa debido aos cambios sufridos. A inscrición no friso indica que nos tempos de Agripa (27 a.C.), lugartenente e xenro de Augusto, xa se fraguou a idea de construír un templo que servise de acollida aos numerosos deuses existentes en Roma (panteón = todos os deuses, etimoloxía grega), centralizando a gran variedade de cultos do seu cosmopolita Imperio. Tempo despois, aquel primeiro edificio sufriu as consecuencias do incendio do Campo de Marte do ano 80 d.C., e restaurouno logo Domiciano. O edificio actual, malia a inscrición, é unha construción realizada en tempos de Adriano, xa na primeira metade do S.II (118-125), novo desde os cimentos.

Con Adriano, o Panteón estivo consagrado ás divinidades celestes romanas (Sol, Lúa e os cinco planetas: Mercurio, Venus, Marte, Xúpiter e Saturno), cada unha das cales tería asignada unha exedra interior. Simbolicamente, a propia sala circular, unha esfera perfecta, representa a harmonía, a perfección e a bóveda celeste que acolle ás divinidades, ocupando o óculo o lugar do Sol. O seu interior é unha constante referencia á cosmoloxía romana: os cinco círculos concéntricos e os cinco planetas, os 28 casetóns e os días do mes lunar, a cúpula e a bóveda celeste, o óculo e o sol.

O edificio salvouse da destrución ao principio da Idade Media porque o emperador bizantino doouno ao Papa, que o transformou en igrexa cristiá. É o primeiro caso dun templo pagán convertido a culto cristiano (por esa razón foi o único edificio da antiga Roma que permaneceu intacto e en uso interrompido).

MODELOS E INFLUENCIAS

De importancia primordial e non só polo alarde técnico que reflicte, senón pola súa concepción espacial: a arquitectura como creadora de espazos interiores. É a primeira construción na que claramente se pretende crear espazo interior, non preocupándose en exceso polos volumes externos. Conséguese harmonías no espazo interior nas proporcións numéricas, os xogos entre elementos curvos e rectos, nos contrastes valeiro/cheo e nos xogos de cores.

A construción dun espazo interior esférico, a planta centralizada, a solidez dos materiais e a innovación que supón unir unha rotonda e un pórtico clásico, explican a repercusión deste edificio en todos os tempos. Servirá de modelo para mausoleos e baptisterios, pero será no Renacemento e no Barroco cando exerza a súa máxima influencia na construción de grandes cúpulas como proban o Duomo de Florencia de Brunelleschi, Bramante en San Pietro in Montorio e Miguel Anxo na cúpula da basílica de San Pedro. A nivel técnico esta obra non será superada ata o S.XIX, cando a construción en ferro o permita.